Así, resulta que existen xulgados nos que as citacións ás interesadas son remitidas dende a propia oficina xudicial, noutros casos estas son remitidas á oficina da Subdirección territorial do Imelga quen se encarga das comunicacións coa persoa a explorar, existindo tamén casos nos que é propio médico forense quen debe encargarse de toda a tramitación burocrática e das citacións necesarias para o cumprimento da función técnica que ten conferida.

O resultado desta carencias organizativas e de recursos é unha incremento no tempo de resposta e xa que logo de resolución dos procedementos xudiciais -que nalgúns xulgados de familia únese á situación de colapso do propio órgano xudicial-, e a unha evidente ineficiencia na xestión de recursos públicos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Quen ten encomendadas as tarefas de citación e emprazamento ás persoas que deben ser examinadas ou avaliadas polo servizos forense do Instituto Médico Legal de Galiza?

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza se existen médicos/as forenses que están encargándose da citación das persoas a explorar, ou se nalgúns casos se citan dende os propios xulgados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Entende a Xunta de Galiza que estes trámites deben realizarse dende as oficinas do Imelga ou considera razoable está disparidade nos criterios e atribucións na tramitación?

. Considera a Xunta de Galiza abondo o cadro de persoal de administración do Imelga, particularmente o existente nas Subdireccións territoriais de Ourense e Lugo?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/07/2021 12:22:58

Noa Presas Bergantiños na data 19/07/2021 12:23:08

Iria Carreira Pazos na data 19/07/2021 12:23:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/07/2021 12:23:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as dificultades para dispor de socorristas nas instalacións municipais acuáticas de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Novamente ao chegar a época estival os concellos galegos vense na necesidade de procurar socorristas que permitan a apertura e funcionamento das piscinas municipais, que nos meses de verán constitúen un dos principais espazos de esparcemento e lecer da cidadanía nos que mitigar as, cada vez máis elevadas, temperaturas. No interior do país constitúen a principal alternativa (non a única) os rigores climatolóxicos.

Consonte á normativa actualmente vixente, as piscinas de uso público, como norma xeral, haberán dispor, de polo menos un socorrista, se ben, dependendo da superficie da lámina de auga dos vasos ou do número destes e da distancia que os separe, podería cumprir un número máis elevado de socorristas

Dende os últimos anos o cumprimento da medida preventiva indicada está a supor un grande obstáculo para moitos dos concellos do país. Insalvável en non poucos casos e que leva á renuncia de moitos concellos á apertura da piscina municipal, co grande prexuízo que tal implica tal decisión para a poboación do concello. Poboación que na meirande parte dos concellos galegos vese incrementada, nas épocas do verán,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tanto polo turismo, como polo importante número de emigrantes que veñen pasar os seus días de feiras aos seus lugares de orixe.

O certo é que ano tras ano estamos a ver como os concellos galegos teñen enormes dificultades para cubrir as prazas de socorristas precisas para a apertura das súas instalacións acuáticas, sen que conste a existencia de accións por parte da Xunta de Galiza destinadas a rematar con tal carencia, sen afectar -obviamente- á seguridade das persoas usuarias do servizo.

Máis unha vez as axudas da Xunta de Galiza destinadas á contratación polos concellos de persoal para o servizo de socorrismo chegan unha vez iniciado o verán, o que limita extraordinariamente as posibilidades de contratación e as condicións nas que se poda proceder á necesaria contratación. Resulta evidente que se ate finais de xuño un Concello non coñece as achegas de que vai dispor dificilmente poderá organizar o servizo, e as condicións laborais que poderá ofertar, o que condiciona o acceso do persoal necesario para o funcionamento da instalación acuática. As condicións laborais, a seguridade e fiabilidade na demanda, que permita confiar en posteriores é un elemento determinante na decisión de moitas persoas en investir na capacitación técnica que permita exercer a actividade de socorrismo, como tamén o é a necesaria asunción dos custes formativos de tal capacitación profesional.

Así a escaseza de cursos de formación e o seu elevado custe limita a oferta de persoas capacitadas para o desenvolvemento de tarefas de socorrismo e salvamento que, ante a ausencia de promoción pública de medidas formativas, vese na obriga de realizar importantes desembolsos para adquirir a capacitación necesaria para exercer unha actividade de incerta duración -en todo caso estacional- e con baixas retribucións o que dificulta un eventual retorno do investimento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso, entendemos que non se pode contemplar como alternativa para o incremento da oferta unha redución na formación e capacitación. O incremento na oferta terá que vir da man da mellora nas condicións laborais e de facilitar o acceso á formación, e non a costa de reducir os coñecementos e aptitudes precisas para o desempeño da actividade, que o único que permitirá será avanzar na precarización laboral e nunha diminución da seguridade e calidade do servizo de salvamento, co evidente risco que implicaría para as usuarias dos espazos acuáticos.

Son varios os concellos da comarca de Valdeorras que ante a imposibilidade de atopar socorristas renunciaron á apertura das piscinas públicas, advertencia que para futuros anos xa realizaron outros moitos concellos galegos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Ten constancia a Xunta de Galiza da existencia de concellos nos que a ausencia de socorristas impide a apertura das piscinas municipais?

Considera a Xunta de Galiza que non resolver ate finais do mes de xuño a convocatoria de axudas destinadas aos concellos galegos para contratación de socorristas facilita ás entidades locais a selección e contratación de persoal a tal fin?

Existe algunha razón que xustifique que a resolución non se ditara antes de iniciado o verán?

Cantos cursos para a obtención do certificado profesional de socorrismo subvencionou a Xunta de Galiza no ano 2020 e 2021?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende a Xunta de Galiza que a duración dos contratos e as condicións laborais ofertadas facilitan dispor de socorristas en todas as piscinas públicas de Galiza?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Daniel Pérez López

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/07/2021 12:25:03

María González Albert na data 19/07/2021 12:25:11

Daniel Pérez López na data 19/07/2021 12:25:21

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2021 12:25:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o cambio de titularidade de bens adquiridos por entidades bancarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As crises económicas vividas nos últimos anos, tanto a de orixe financeiro resultante do estoupido da burbulla inmobiliaria, como a que actualmente padecemos como consecuencia da pandemia orixinada pola Covid, unidas á escasa e tardía reacción das administracións públicas competentes provocou un extraordinario impacto na cidadanía, sendo especialmente devastador nas clases medias e traballadoras.

Foi e segue a ser elevado o número de procedementos concursais e de execución hipotecaria mediante os que moitas entidades financeiras e prestamistas estean a adquirir propiedades inmobiliarias de persoas que non puideron afrontar os créditos e débedas que mantiñan coas entidades acreedoras.

O certo é que son numerosos os casos en que os cambios na titularidade de inmóbeis, rústicos e mesmo urbanos, consecuencia de procesos de execución hipotecarias ou de impagos de débedas non son inscritos nos respectivos rexistros da propiedade ou administrativos. Xa que logo a propiedade real da finca non se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

corresponde coa administrativa ou rexistral, o que deriva na dificultade das Administracións Públicas ou de Comunidades de Propietarios de identificar e localizar ás verdadeiras propietarias dos inmóbeis. Dificultade que se transforma en imposibilidade ante o pasamento, emigración ou desaparición da persoa que puidera constar como titular formal da propiedade que non fai posible a reanudación do tracto sucesivo, nin a actualización dos rexistros.

Malia que certamente na lexislación actual a inscrición rexistral é potestativa, non así a comunicación dos cambios de titularidade a, por exemplo, o catastro, algo que en numerosos casos se está a incumprir polas entidades financeiras executantes e/ou adquirentes. A falla de contribución aos gastos xerais da comunidade de propietarios ou de mantemento de parcelas rústicas son algunhas das consecuencias que está a provocar o incumprimento polas entidades financeiras do deber de comunicar os cambios de titularidade producidos. O deterioro dos inmóbeis, o risco de incendios ou a asunción polos concellos dos custes de desbroce e limpeza de fincas e solares, son algunhas das realidades que están a producir polas infraccións das entidades financeiras adquirentes de inmóbeis, obrigando as prexudicadas a iniciar un longo e incerto peregrinaxe xudicial para resarcirse dos prexuízos sufridos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

Ten constancia a Xunta de Galiza da existencia de múltiples discrepancias entre a realidade real e a que consta en rexistros administrativos sobre a titularidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de inmóbeis adquiridos por entidades financeiras e prestamistas en procesos de execución?

Considera que esa discrepancia é consecuencia de incumprimentos das súas obrigas por parte das entidades adquirentes?

Tal infracción entende a Xunta de Galiza é susceptíbel de provocar prexuízos a terceiras persoas, públicas e privadas?

Realizou algunha xestión a Xunta de Galiza para corrixir e perseguir a comisión de tales irregularidades?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2021 12:28:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 19/07/2021 12:28:58

Noa Presas Bergantiños na data 19/07/2021 12:29:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/07/2021 12:29:30



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación á Tarxeta Benvida.

Dende o ano 2016 o Goberno galego outorgou preto de 70.000 Tarxetas Benvida a galegas e galegos. Deste xeito, ao remate do 2021 o Goberno autonómico terá investido un total de 176 millóns de euros nesta prestación, un claro exemplo da firme aposta da Xunta de Galicia pola conciliación.

Esta aposta incondicional continua este ano 2021. Neste sentido, o Diario Oficial de Galicia publicou o 19 de xaneiro unha nova orde que destina 32,2 millóns de euros a esta axuda, e que permite que os nados neste ano sigan tendo acceso a ela para a compra de produtos básicos como alimentos, cueiros, roupa, berces ou produtos de hixiene e farmacéuticos.

Durante os cinco anos de vida desta prestación, a Xunta de Galicia foi mellorando a Tarxeta Benvida para chegar cada vez a máis familias.

Entre outras modificacións, ampliouse o prazo para solicitala durante o embarazo; aplicouse un complemento ás familias que viven en concellos de menos de 5000



habitantes, ás familias numerosas e ás familias con menos recursos; e adaptou os requisitos para que a poidan solicitar os galegos retornados.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Consellería de Política Social da Tarxeta Benvida desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 19/07/2021 12:47:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/07/2021 12:47:32

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 19/07/2021 12:47:48

Noelia Pérez López na data 19/07/2021 12:47:56

María Corina Porro Martínez na data 19/07/2021 12:48:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 19/07/2021 12:48:21

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 19/07/2021 12:48:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social, e Emprego**.

Boa parte dos esforzos da Xunta de Galicia durante a pandemia da Covid-19 centráronse en evitar que Galicia deixase a ninguén atrás.

Por iso para estar ao carón das persoas ás que a pandemia deixou sen ningún sustento, a Xunta de Galicia puxo en marcha en xullo do 2020 a Tarxeta Básica, unha tarxeta moedeiro para atender ás persoas máis vulnerables fronte aos efectos socioeconómicos da crise sanitaria da covid-19.

A Xunta ampliou a Tarxeta Básica ata a fin do ano 2021 o que eleva a 31 M€ o total de fondos que o Goberno galego leva destinados a esta medida.

O importe desta axuda depende do número de membros da unidade familiar. No caso dos fogares unipersoais a axuda é de 150 euros mensuais, para os fogares con dous membros é de 200 e para as familias con tres membros ou máis a axuda chega aos 300 euros mensuais.

Trátase dunha actuación pioneira que busca dar unha resposta áxil e urxente ás familias, xa que o seu período máximo de tramitación é de 72 horas desde que se solicita. O seu obxectivo é prestar apoio na compra de produtos básicos de alimentación, hixiene e farmacia.

Por outro lado, esta tarxeta representa unha actuación coordinada ao implicar na súa xestión á Xunta, aos servizos sociais municipais e ás entidades sociais como Cruz

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Vermella, encargada da súa tramitación. Ademais, non estigmatiza xa que ao ter forma de tarxeta de crédito que se recarga mes a mes, os seus usuarios non teñen que facer colas nin acudir a un establecemento específico para obter os produtos.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cantas persoas se beneficiaron da Tarxeta Básica desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 19/07/2021 12:51:28

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/07/2021 12:51:54

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 19/07/2021 12:52:09

Noelia Pérez López na data 19/07/2021 12:52:17

María Corina Porro Martínez na data 19/07/2021 12:52:30

María Elena Suárez Sarmiento na data 19/07/2021 12:52:46

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 19/07/2021 12:53:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** sobre os resultados da enquisa realizada á mocidade con motivo da crise sanitaria provocada pola covid-19.

Un dos ámbitos prioritarios de actuación recollidos no novo Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2021 é a participación xuvenil na sociedade.

De feito, e tal e como se recolle no citado documento, o obxectivo principal pasa por mellorar a participación dos mozos e mozas na sociedade, así como a comunicación e información que se lles transmite desde os departamentos encargados de elaborar políticas para a xuventude.

Lograr que a mocidade galega coñeza todos os medios e programas á súa disposición nos diferentes ámbitos, especialmente os recursos que ofrece a Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado; e fomentar novos canais de comunicación para que a mocidade poida participar e informarse activamente, son os principios reitores que guían as accións concretas incluídas no eixe de participación e asociacionismo.

Así mesmo, tamén cómpre lembrar que o impulso da participación xuvenil na sociedade, tanto de xeito individual como colectivo mediante grupos informais ou fórmulas asociativas, é tamén un dos obxectivos contemplados na propia Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Xuventude de Galicia.

Tomando como referencia este contexto, e nun momento de cambios no modo de vida da nosa sociedade derivados da pandemia da Covid-19, a Xunta de Galicia quere promover a participación activa da mocidade nos debates xerais, para así coñecer a súa opinión e poder atinar na implantación de iniciativas que busquen mellorar a calidade de vida e as perspectivas formativas e laborais dos mozos e mozas galegos. Neste sentido, a Consellería de Política Social puxo a disposición da xuventude de Galicia un cuestionario online para coñecer a súa situación e inxerencias, e tamén as súas posibles propostas de cara ao futuro inmediato.



Con esta ferramenta pretendeuse reforzar a relación directa da Xunta de Galicia coas persoas mozas, de cara a abordar e estudar novos recursos e medidas no marco do novo escenario xerado por esta pandemia.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales foron as principais conclusións da enquisa realizada á mocidade con motivo da crise sanitaria provocada pola covid-19?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2021



Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 19/07/2021 12:41:44

José Alberto Pazos Couñago na data 19/07/2021 12:42:03

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/07/2021 12:42:13

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 19/07/2021 12:42:30

Noelia Pérez López na data 19/07/2021 12:42:40

María Corina Porro Martínez na data 19/07/2021 12:42:54

María Elena Suárez Sarmiento na data 19/07/2021 12:43:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 19/07/2021 12:43:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Sabido é por todas e todos que un simple signo ortográfico, sexa unha humilde coma ou ben un modesto acento poden modificar completamente o que queriamos expresar e levar á equivocación á quen vai dirixido.

Os pensamentos que materializamos tanto nun soporte físico coma de xeito oral están construídos con palabras. De aí que a novelista e membro da Real Academia Española Ana María Matute dixera que: *“A palabra é a arma dos humanos para aproximarse uns aos outros”*.

Mais coma en todas as actividades do ser humano sempre pode xurdir, producirse un problema voluntario ou involuntario. Unha letra omitida ou mal colocadas pode tirar por terra aquilo que queremos expor.

Isto é o que lle acontece á veciñanza dun concello de Ourense, que ve como o Nomenclátor de Galicia recolle incorrectamente “A Terrachá”, cando o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega propón “A Terrachán” sobre o topónimo de Entrimo.

O Seminario de Onomástica da Real Academia, que na actualidade asume as funcións de ponencia de Estudos da Comisión de Toponimia, encargadas de ditaminar as formas correctas da toponimia galega, revisou xa no ano 2014 o topónimo e corrixiu o erro.

Este cambio foi trasladado xa hai tempo a Xunta de Galicia, que é a que ten a autoridade sobre a toponimia e que ten que aprobar as modificacións do Nomenclátor por decreto.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Xunta de Galicia non ten corrixido no Nomenclátor de Galicia, os erros, dos topónimos, detectados polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega no ano 2014?
2. Cando se vai a levar a cabo polo Goberno de Galicia as correccións instadas polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, actualizando así o Nomenclátor de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Noa Díaz Varela

Luís Manuel Álvarez Martínez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2021 10:49:26

Noa Susana Díaz Varela na data 19/07/2021 10:51:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/07/2021 10:51:12



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés pertence á Reserva da Biosfera Transfronteiriza GERÉS-XURÉS declarada no ano 2009 CUNHA superficie total 330.874 hectáreas. Sitúase ao sudoeste da provincia de Ourense, entre España - Portugal. En Portugal sitúanse 267.958 hectáreas e en Galicia 62.916 hectáreas.

En Galicia comprende os concellos de Entrimo, Calvos de Randín, Bande, Lobeira, Lobios e Muíños.

E conta con distincións tan relevantes como son os seguintes: Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) “Baixa Limia - Serra do Xurés”, de 31.287 hectáreas; zona Especial de Conservación (ZEC) “Baixa Limia”, de 33.920 hectáreas; Parque Natural “Baixa Limia - Serra do Xurés” de 29.345 hectáreas; Zonas de Especial Protección de los Valores Naturales (ZEPVN) “Baixa Limia-Serra do Xurés” de 31.287 hectáreas e “Baixa Limia” de 33.920 hectáreas; Parque Nacional da Peneda Gerês (Portugal); SIC Serras da Peneda e Gerês; Reserva Bioxenética Matas de Palheiros Albergaria; Rede de Reservas Bioxenéticas do Consello de Europa.

Este espazo natural conta cunha rede hidrográfica densa, ecosistemas en bo estado de especies de fauna e flora de excepcional interese para a conservación da natureza e a biodiversidade. E cun importante patrimonio natural e cultural.

No ano 2018 o proxecto "Gerês-Xurés Dinámico", incluído no programa Interreg V-A España-Portugal 2014-2020, aportou fondos para que o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés contara con seis espazos físicos onde atender e informar aos turistas e visitantes que se desprazan ata os centros de interpretación situados en Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños.



A Rede de Portas do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés estaba constituída por 6 centros de interpretación, seis espazos físicos temáticos coa finalidade de atender e dar a benvida aos visitantes e turistas do parque e ofrecer información e novas perspectivas sobre temas e diferentes aspectos do parque: natureza, xeoloxía, historia, etnografía, flora, etc. As instalacións de cada unha das Portas, estaba dedicada a diferentes calidades ou particularidades do Xurés (dende o Couto Mixto ata o legado romano), atendendo as persoas visitantes e turistas de mércores a domingo de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

Para a atención do servizo adxudicouse o servizo de xestión das seis “Portas“ a unha empresa, co compromiso da Xunta de Galicia de que unha vez rematado o período subvencionado o Goberno galego daría unha solución para manter abertas as citadas Portas do Parque.

No seu inicio o equipo da empresa concesionaria do servizo fixo un traballo de campo e investigación, establecendo contactos coa poboación, coas persoas responsables e co tecido asociativo local co obxectivo de recompilar información e poñela en coñecemento das persoas que atenderán as portas, celebrando incluso unha xornada de portas abertas para que os veciños e veciñas coñeceran as instalacións e que establecerán contactos coas persoas responsables das "portas" do Parque Nacional Peneda-Gerês.

Fóronse incorporando distintas actividades coma excursións escolares, outra forma de dar a coñecer o Parque Natural, ó tempo que se fomentaba a educación no respecto ao medio ambiente e tamén se levou a cabo un plan de marketing co obxecto de incrementar o nivel de promoción do Centro de recepción de visitantes das portas do Xurés, co fin de aumentar o fluxo de visitas aos mesmos, para difundir os recursos patrimoniais da Reserva da Biosfera, unificar unha liña de comunicación coherente cos valores da reserva, e demais. Utilizáronse distintos medios para a promoción do mesmo, como redes sociais e ampliación da presentación do parque nos medios de comunicación.

Na memoria de actividades final correspondente o ano 2019 figuran un número de visitas entre os meses de xuño a setembro de 2645.

Abandonadas á súa sorte o recentemente pasado verán de 2020, no que malamente puideron cumprir o seu cometido nas fracas e descoordinadas



posibilidades de cada concello, vendo con resinada frustración como do lado portugués da reserva funcionan os espazos homólogos longamente consolidados.

Entendendo as portas do parque como estruturas fundamentais de establecemento do primeiro contacto cos visitantes e o seu camiño, control dos fluxos turísticos sustentables, que potencian o turismo rural na zona e promoción conxunta do Parque Transfronteirizo xunto con Portugal, e para facer valer o compromiso do Goberno galego respecto aos concellos de Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños, de manter abertos e en funcionamento as Portas do Parque do Xurés.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que “As Portas“ do Parque Natural Baixa Limia Serra -do Xurés en Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños, estean pechadas?
2. Que pensa facer o Goberno galego para posibilitar a apertura de “As Portas“ do Parque Natural Baixa Limia Serrado Xurés, tal como se comprometera cos concellos de Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2021 10:52:50

Pablo Arangüena Fernández na data 19/07/2021 10:52:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/07/2021 10:53:08





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2021 12:59:59
Nº Registro: 18769
Data envío: 19/07/2021 12:59:59.470

Patricia Otero Rodríguez na data 19/07/2021 10:53:17

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGSMAGVeAXK9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A principios do ano 2019 o Consello da Xunta daba a coñecer a noticia de que se aprobara á construción do centro de saúde no barrio ourensán do Vinteún. O entón Alcalde da cidade mostrábase, Jesús Vázquez, amosábase satisfeito e en declaracións aos medios sinalaba *“Quero poñer en valor e resaltar esta decisión, que vén a estimar as demandas históricas veciñais que lle trasladamos ao conselleiro de Sanidade logo de diversas reunións”*.

Así mesmo o Goberno galego nesa mesma data, sinalaba que o centro de saúde do barrio do Vinteún formaría parte dos vinte e cinco centros que a Xunta de Galicia construíría e reformaría en toda a Comunidade Autónoma.

Xa fora a xestión urbanística dos socialistas no Concello de Ourense a que puxera a disposición da Xunta de Galicia e formalizara a cesión das parcelas de titularidade municipal nos barrios de O Couto e do Vinteún, para a construción de sendos centros de saúde, e para a preceptiva ocupación dos terreos, explanación e urbanización da parcela para adaptala as demandas da Consellería de Sanidade.

A día de hoxe só se acadou pola Xunta de Galicia a construción do centro de saúde do Couto e parece que nos plans do Goberno galego non está previsto a ampliación da rede de centros de saúde da cidade de Ourense, pese a que a Corporación municipal acordou reclamar a Xunta de Galicia a construción dun centro de saúde para o Vinteún, equipamento demandado dende fai unha década.



Considerando que a construción dun equipamento sanitario é competencia exclusiva da Xunta de Galicia, é polo que as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que previsión ten o Goberno galego para a construción dun centro de saúde no barrio ourensán do Vinteún, despois de que o deseño para o centro de saúde leve dez anos nun caixón da Xunta de Galicia?
2. Que cronograma de actuacións ten o Goberno galego para a construción dun centro de saúde no barrio do Vinteún en Ourense?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2021 11:01:07

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2021 11:01:16





Marina Ortega Otero na data 19/07/2021 11:02:21

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/07/2021 11:02:30



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O Consello da Xunta de Galicia celebrado en data 4 de agosto de 2016 aprobaba un investimento de 1,6 millóns de euros para actuar no solar da antiga igrexa de San Francisco na cidade de Ourense para levar a cabo o proxecto dun futuro museo da Xunta de Galicia en San Francisco.

Na sinatura do convenio, para levar a cabo o proxecto do futuro Museo da Xunta, o presidente da Xunta de Galicia e o conselleiro de Cultura, Alberto Núñez Feijóo e Román Rodríguez respectivamente, comparecían xunto o entón alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, e anunciaban que o proxecto estaría materializado en dúas anualidades. Temos coñecemento que o proxecto inicial, presentado na firma do convenio de setembro do ano 2016, foi necesario introducirlle algunhas modificacións trasladadas dende o Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia.

Na actualidade non existe, que coñezamos, previsión algunha con respecto a reforma do solar que ocupaba a antiga igrexa dos Franciscanos, actualmente situada no parque de San Lázaro.

A sinatura do convenio referido non estivo exenta de polémica porque nesa data o presidente da Xunta de Galicia e o conselleiro de Cultura exercían os seus cargos en funcións ao celebrarse as eleccións días despois e considerarse que se trataba dun acto cunha clara intencionalidade electoral.

Segundo declaracións recollidas nos medios de comunicación o presidente en funcións da Xunta de Galicia aseguraba, que o proxecto saldaba unha débeda



histórica coa cidade de Ourense que carecía dun espazo museístico propio de titularidade autonómica e unha materia pendente dende 1929, data na que se materializou o traslado da igrexa de San Francisco.

A remodelación contemplaba tres fases. Na primeira acondicionaríase o espazo expositivo cuberto, que se corresponde co lugar que ocupaba a igrexa. Na segunda interviríase na antiga capela da Venerable Orde Terceira para crear a área administrativa e de servizos do futuro museo e ademais incorporaríase a zona o claustro de San Francisco. Na terceira actuaríase sobre a parte da capela que actualmente alberga a «Escolma de escultura» do Museo Arqueolóxico.

As tres futuras edificacións quedarían comunicadas interiormente e formarían o futuro Museo de San Francisco -que contaría cun espazo de case 2.000 metros cadrados- e completarán a grande infraestrutura e cultural da cidade de Ourense.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que motivos ten o Goberno da Xunta de Galicia para ter paralizado o proxecto, do prometido Museo da Xunta en San Francisco en Ourense, aprobado en Consello da Xunta de Galicia e presentado en setembro do ano 2016 polo propio presidente Núñez Feijóo?
2. Que actuacións se van a levar a cabo pola Xunta de Galicia en relación o convenio que aprobaba unha inversión de 1,6 millóns de euros para actuar no solar da antiga igrexa de San Francisco na cidade de Ourense, para levar a cabo o proxecto de un futuro Museo da Xunta en San Francisco?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2021 11:07:19

Marina Ortega Otero na data 19/07/2021 11:07:28

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/07/2021 11:07:36





Noa Susana Díaz Varela na data 19/07/2021 11:07:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/07/2021 11:07:57



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Unha e outra vez, sempre que se analiza calquera aspecto do mercado de traballo, vese que homes e mulleres non están en pé de igualdade.

O 41,5 % das mulleres galegas asalariadas en 2019 teñen uns ingresos anuais inferiores ao salario mínimo. É dicir, traballa menos do ano e/ou o fai a tempo parcial. Os homes nesa situación son o 27,9 %. En 2009 as mulleres eran o 33,5 % e os homes o 21,2 %. Mentres os homes que teñen ingresos inferiores ao SMI aumentaron en 6,8 puntos, as mulleres fixérono en 8 puntos. Si en 2009 unha de cada tres mulleres tiña ingresos inferiores ao SMI, en 2019 son dúas de cada cinco. A fenda de xénero entre as persoas asalariadas que perciben menos do salario mínimo pasou de ser o 24 % ao 36 % entre 2009 y 2019.

A primeira conclusión é: *“A política de xénero do PP, ou a carencia dela, non só non reduciu a fenda de xénero entre a porcentaxe de mulleres e homes que perciben menos do SMI, senón que entre 2009 e 2019 medrou doce puntos, do 24 % ao 36 %”*.

En 2009 a fenda salarial entre mulleres e homes era en Galicia do 23,1 %, 1,8 puntos menos ca media estatal. En 2019 a fenda salarial galega é do 20,5 % fronte ao 21,6 % do Estado. A diferenza co Estado queda reducida soamente a 1,1 puntos de diferenza.

Se proxectamos a evolución que ten habido entre 2009 e 2019, no conxunto do Estado non se acadará a paridade salarial entre mulleres e homes ata 2087; en Galicia será catorce anos despois, en 2101.

A segunda conclusión é: *“A política de xénero do PP, ou a carencia dela, reduciu o ritmo de eliminación da fenda de xénero en relación coa media estatal de tal xeito que en Galicia a paridade non se acadará ata catorce anos despois co Estado”*.



En Galicia en 2019 nas seccións da CNAE 2009:

- **Teñen unha fenda salarial superior ao 25%** as seccións K Actividades financeiras e de seguros, M Actividades profesionais, científicas e técnicas e N Actividades administrativas e servizos auxiliares (**o 27,6 %**); as seccións G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas e a H Transporte e almacenamento (**o 26,6 %**); a sección C Industria manufacturera (**o 26,0 %**); as seccións I Hostalaría, R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento e S Outros servizos (**o 25,7 %**). Nestas actividades está o 62,2 % de todas as persoas asalariadas, 656.599 persoas, das que 308.640 son mulleres.
- **Teñen unha fenda salarial entre o 24,9 % e o 20,0 %** as seccións de A Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca (**o 23,9 %**), B Industrias extractivas, D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación (**o 22,4 %**), J Información e comunicacións (**o 22,3 %**). Nestas actividades está o 5,5 % de todas as persoas asalariadas, 58.244 persoas, das que 15.124 son mulleres.
- **Teñen unha fenda salarial inferior ao 20 %** as seccións Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria, P Educación e Q Actividades sanitarias e de servizos sociais (**o 16,8 %**), F Construción e L Actividades inmobiliarias (**o 11,2 %**). Nestas actividades está o 32,3% de todas as persoas asalariadas, 341.439 persoas, das que 179.953 son mulleres.

A terceira conclusión é: **“A política de xénero do PP, ou a carencia dela, non foi quen de diminuír de dúas de cada tres persoas asalariadas mantiveran unha feda salarial superior ao 25 %.”**

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a diagnose que fai Goberno galego sobre a fenda salarial entre mulleres e homes, especialmente entre quen percibe menos do Salario Mínimo Interprofesional?
2. Que medidas de choque vai implantar o Goberno galego na loita contra a fenda salarial para acadar, cando menos, que en Galicia se reduza ao mesmo ritmo que na media do Estado?





Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2021

Asinado dixitalmente por:


María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2021 11:19:38

Noa Susana Díaz Varela na data 19/07/2021 11:19:48

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2021 11:19:57

Marina Ortega Otero na data 19/07/2021 11:20:04





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

